

IRENE PIN


(Lugo, 1995) é graduada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela, cun mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura e un posgraio en Xestión Cultural. Realizou unha estadía Erasmus+ na Universidade de Aristóteles en Thessaloniki, onde se especializa en dirección e guiión.

Entre as súas curtametraxes destaca *Somos cárcere* (2021), cunha axuda ao talento de AGADIC. Tamén escribiu e dirixiu *Amnesia 3.0* (2020), webserie de ciencia ficción interactiva gañadora do premio a desenvolvemento de proxecto no festival Carballo Interplay e mellor piloto de ficción no Festival de Cine Español Emergente. A súa segunda temporada recibiu a subvención de AGADIC para o desenvolvemento de series web en 2021 e o premio a mellor serie en versión orixinal galega na súa estrea no Carballo Interplay.

En 2021 recibe tamén a axuda á escrita de guiión para *Terás que saltar*, a súa primeira longametraxe, que se atopa actualmente en desenvolvemento ao abeiro das axudas para paquetes de propostas do HUB audiovisual, con Cósmica Producións. O proxecto pasou en 2023 polo laboratorio de proxectos Conectab, organizado por CREA.

A súa última creación como guionista e directora, a webserie transmedia *Rent-a-pal*, verá a luz proximamente na plataforma de contidos dixitais da TVG. Actualmente traballa tamén no desenvolvemento da serie *Lume*, coprodución galegoportuguesa para Setemedia e Coral, e na escrita da longametraxe *Despois de Grecia*, impulsada pola última edición das titorías para mulleres guionistas da Agag.

Traballou como xornalista e asina como realizadora varios documentais, entre eles *Morrer Devagar* (2017), codirixido con Begoña F. Ferreiro, sobre a crise migratoria en Grecia. Como contraface desta experiencia publica o poemario transmedia *Το βλέμμα την Ειρήνη / A ollada de Ειρήνη* (Urutau, 2021). É socia da cooperativa Aqueladas, especializada en produción audiovisual interactiva e transmedia.



FILMOGRAFÍA

Amnesia 3.0 (2020-2022). Webserie interactiva de dúas temporadas. Guión, dirección e montaxe. Premio a Desenvolvemento de Proxecto no Carballo Interplay 2019. Premio a Mellor Piloto Nacional no Festival de Cine Español Emergente. Premio a Mellor Webserie en V.O. galega no Carballo Interplay.

Somos cárcere (2019). Curtametraxe. Guión e dirección.

San Finx 1960 (2019). Documental. Premio “Outstanding Project” da Universidade das Nacións Unidas.

Morrer Devagar (2017). Documental. Guión e codirección con Bego F. Ferreiro.

Ai, Pardiñas, dásmeme a vida! (2016). Documental. Realización e montaxe. Premio Festival de Cinema de Música de Roca.